

## Algo parecido á liberdade

**María Xesús Nogueira**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2007]). “Algo parecido á liberdade”.  
*Grial*: 175, 125-126. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/26>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2007). “Algo parecido á liberdade”. *Grial*: 175, 125-126.

\* Edición dispoñíbel desde o 28 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ALGO PARECIDO Á LIBERDADE

[RECENSIÓN DO LIBRO DE XIANA ARIAS *ORTIGAS*, 2007]

**María Xesús Nogueira**

Hai xa tempo que deu comezo un proceso de institucionalización do que se chamou *poesía feminina* ou *poesía escrita por mulleres*. As primeiras achegas a esta escritura, vinculada a miúdo á *poesía dos noventa*, salientaron algunhas actitudes que desde aquela veñen funcionando como tópicos nunha boa parte das aproximacións ao tema: é o caso do erotismo, a provocación, as experiencias biográfico-familiares da infancia e a tantas veces comentada revisión mitolóxica desde unha perspectiva de xénero. Mais estas apreciacións, fundamentais no seu momento para a descrición dun fenómeno saudado como o *boom da poesía de muller*, fomentaron, á forza de se repetiren, visións e horizontes de expectativa da produción das nosas escritoras demasiado reducionistas.

Contra esta tendencia semella pronunciarse o primeiro libro de Xiana Arias, *Ortigas*, obra avalada polo Premio Nacional de Poesía Xosémaría Pérez Pallaré, que se sitúa necesariamente nas coordenadas descritas. Nunha das composicións, a propia autora ironiza sobre a denominación *literatura feminina* mediante o cuestionamento dalgúns modelos:

Isto non é literatura feminina, dixo mentres escribía unha obra de teatro para nenos. Hai un guerreiro que rescata unha muller fermosa dos brazos dun home malvado. Ao final vaise, soa, cravando as unllas dos pés no asfalto.

*Ortigas*, cuxo título se corresponde coa primeira das sete seccións que o integran, é un libro de aparencia heteroxénea. Esta impresión vese non obstante contrarrestada, a medida que se avanza na lectura, pola presenza de dous elementos fortemente cohesionadores como son as enigmáticas *lauras* e algúns *topos* vinculados ao universo feminino e á infancia.

As *lauras* son talvez o máis emblemático do libro. Trátase de figuracións femininas acubilladas en ocos (“nos furados da pedra, nos ollos do peixe, no espartador da mesa de noite”) e omnipresentes na vida cotiá: “Laura está sentada nun enchufe”, “hai unha laura lendo no xornal a programación da televisión”. Máis alá dunha vaga evocación literaria (a dos ocos en *La escala de los mapas*, de Belén Gopegui, obra da que se menciona tamén o personaxe de Sergio Prim: “Ocos, / como Prim pero sen tantas voltas”), estamos diante de suxestivas figuracións a miúdo vinculadas ao sufrimento e á violencia contra o xénero feminino:

Corren arredor do polideportivo municipal  
con camisetas de todas as cores.  
Conta cantas a levan por pel.

As verdes non teñen clítoris,  
as vermellas foron violadas,  
as azuis son putas,  
as laranxas non saben que día é  
e non almorzan nada.  
A esta, á de rosa, metéronlle unha pistola na vaxina,  
unha noite nunha comisaría calquera.  
As negras levan agullas cravadas no pescozo e por tras dos xeonllos.

As referidas intertextualidades apuntan cara a outra das características do libro, como é o diálogo cunha serie de voces que se fan visíbeis no particular abano de citas formado por Max Aub, Roque Dalton, Adrienne Rich, Bertolt Brecht, María do Cebreiro, Nâzim Hikmet, Miguel Hernández, Sharon Olds e Antón Reixa. A estas debe engadirse ademais a voz anónima autora dunha *pintanda* “nunha rúa do Porto”: «NOVOS SUPORTES / VELHAS LITERATURAS».

Outro elemento que dá cohesión á obra é a situación da voz lírica nun espazo habitado con frecuencia por recordos da infancia (a “nena no cámping” cun oco no ollo), desde onde é posíbel unha mirada diferente sobre a realidade que permita asociacións ilóxicas e insospeitadas:

Na praia a area é un sofá,  
unha manta,  
unha camiseta,  
un vestido.

A cabeza pousada na area, como se deixase o corpo na auga, na casa.  
A area da praia é un cruce de camiños non sinalizado: parécese á liberdade.

Escondidos, están os abridores de latas.

Esta perspectiva fai posíbel o desdoblamento do suxeito (“son eu e non son eu: ás veces, son un debuxo animado”), así como o seu enfrontamento irónico aos modelos: “unha princesa é unha princesa porque ti lle dis así”, “onte soñáchete nun piso grande roupa cara vivías cun home e / tiñas un fillo. Faicho o encargado e non quere saber de ti”. Algúns destes lugares comúns, agora revisados, fóranos tamén para outras escritoras precedentes. Así acontece co da maternidade (“sentada na porta cun coxín na barriga”) ou coa dialéctica aldea/cidade (“Teslle medo ás vacas. Deixaches a escola e agora estás no prado. / [...] Mañá marchas á cidade. Non queres traballar e contratáronte”).

A proximidade á infancia non conduce porén nas páxinas deste poemario cara a visións amábeis e pracenteiras. Ao contrario, detense en situacións problemáticas e en ocasións crúas, de protagonismo femininio, como a vivencia da maternidade non desexada, os abusos ás menores, a prostitución, o fracaso e, en xeral, a unha marxinalidade que se reflicte nos títulos das seccións “A raíña do underground” e “(Nunca choveu que non escampase) Historias do arrabalde”, este último de sintaxe singular. As regras de composición do poema elaborado nestes espazos onde as *lauras* poden existir resístense tamén á norma e exploran voces e tipoloxías textuais varias. O poemario non evita polo tanto os abismos da vida e da linguaxe malia o perigo de se *ortigar*.

O primeiro libro de Xiana Arias instálase nos ocos da realidade para, desde alí, ofrecer perspectivas singulares, por veces conflictivas e violentas. Malia transitar por algúns espazos dos que xa se apropiaran as súas predecesoras, a autora procura encadres orixinais, non exentos de tensión e ironía, nese *cruce de camiños non sinalizado e parecido á liberdade* que semella ser o poema.